

TEXTO 2



En 2006 a Sanidade galega terá 330 millóns máis que neste ano

A redución e a transparencia nas listas de espera; o incremento de 724 prazas nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (Sergas); a continuación dos plans directores dos hospitais; acadar 10 minutos de tempo medio de atención aos pacientes de atención primaria; a publicación dun novo Plan de Saúde; novos plans específicos para a saúde mental e para a muller; potenciación dos coidados paliativos, e a compra de antivirais, son algunhas das accións previstas nos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Sergas para o ano 2006.

Viernes, 28 de octubre de 2005

XORNAL I Santiago .- A cantidade total consolidada para o departamento sanitario é de 3.157 millóns de euros, que supón un incremento de máis de 330 millóns de euros respecto ao inicial de 2005. Este é o maior crecemento orzamentario que se vén producindo en Galicia destinado ao gasto sanitario. Todas as cifras oriéntanse cara ao usuario, obxectivo principal do sistema sanitario; e amosan unha clara aposta do Goberno de Galicia polo pulo ás políticas sociais, e pola mellora do sistema sanitario galego.

Con estes primeiros orzamentos do novo Goberno, Sanidade quere garantir a equidade; potenciar o carácter público do sistema sanitario galego; garantir a sostenibilidade financeira do sistema; promover a participación dos profesionais e os cidadáns; e as actuacións con transparencia.

MÁIS PROFESIONAIS PARA MATERIALIZAR OBXECTIVOS.- Dos 3.157 millóns de euros, o Sergas contará con 3.064 millóns, 312 millóns máis que o ano anterior, o que supón o maior incremento que se produciu nunca neste organismo. Un total de 1.224,7 millóns de euros de gastos de persoal posibilitará o incremento de 724 prazas nas institucións sanitarias do Sergas, coas que se prevé dar resposta ás necesidades e obxectivos fixados

Os Puntos de Atención Continuada do novo modelo de urxencias hospitalarias contarán con 384 prazas, das que 208 están destinadas a médicos e 176 a persoal de enfermería. Nos centros de saúde créanse 75 novas prazas das que 38 son para médicos de familia, 12 para pediatras e 25 para persoal de enfermería. As novas unidades de coidados paliativos poderán contar cun total de 85 profesionais distribuídos en prazas para 9 médicos, 62 enfermeiras e 14 prazas destinadas a persoal non sanitario.

Para o desenvolvemento do novo Plan Estratéxico de Saúde Mental recóllense prazas para 5 médicos, 6 psicólogos e 4 de persoal de enfermería. Tamén haberá 9 prazas de anestesiastas e outras 32 para a dotación das novas unidades de críticos.

Este orzamento permitirá tamén atender á carreira profesional do persoal sanitario titulado superior, e comezar a implantación ao longo do ano 2006 da carreira profesional do persoal de enfermería e demais profesionais sanitarios de grao medio.

INVESTIMENTO EN HOSPITAIS E CENTROS DE SAÚDE.- O capítulo dedicado a investimentos do Sergas acadará os 132 millóns de euros, a maior dotación para investimentos da historia do Sergas, e permitirá dar pulo ás distintas actuacións en execución, como o novo Hospital de Lugo ou o Plan director do Complexo Hospitalario de Ourense. Iniciaranse tamén outras novas como a Fase II do Plan Director do Complexo Hospitalario Juan Canalejo; a Fase IV de Montecelo; ou o proxecto do novo Hospital de Vigo

Pola súa banda, a atención primaria contará con 16 millóns e medio de euros para mellorar a confortabilidade do sistema, impulsando a construción e reforma de centros de saúde, e a mellor dotación dos mesmos.

PLANS SANITARIOS MÁIS CONCRETOS E MELLOR ATENCIÓN PRIMARIA.- En canto á distribución dos programas do orzamento de gastos do Sergas, dedicaranse 1.200 millóns de euros ao programa de Atención Primaria. Esta cifra servirá para estender a cobertura do novo modelo de atención primaria, potenciando a atención urxente hospitalaria; para acadar os 10 minutos como tempo medio de dedicación dos médicos de primaria; e para o desenvolvemento do sistema de seguimento continuo e integral do paciente a través da historia clínica electrónica informatizada.

Por outra banda, a Atención Especializada contará con 1.782,8 millóns de euros, que se empregarán na redución e transparencia das listas de espera cirúrxicas, de consultas externas e de probas diagnósticas. Con estes cartos acometerase tamén o desenvolvemento da rede de coidados paliativos; a implantación dun plano estratéxico de saúde mental; e un plan integral de atención sanitaria integral á muller, co obxectivo, entre outros, de estender a cobertura ao parto sen dor.

PROGRAMAS DA CONSELLERÍA.- Por outra banda, do orzamento total a Consellería de Sanidade contará con 93 millóns de euros para desenvolver programas de Saúde Pública de loita contra as drogodependencias, de planificación sanitaria, e de atención sociosanitaria.

Estes cartos empregaranse na adquisición de antivirais, co obxecto de asegurar a dispoñibilidade de medios en Galicia para o tratamento, en caso dunha pandemia producida pola gripe de orixe aviar. Destinaranse tamén aos programas preventivos, asistenciais e de reinserción na loita fronte ás drogodependencias; e para, no eido sociosanitario, o mantemento dos dispositivos de apoio comunitario que lles prestan atención aos enfermos con trastornos mentais.

Por último, figuran igualmente neste apartado, os cartos destinados á nova Dirección Xeral de Planificación e Aseguramento, que levará a cabo a publicación no vindeiro ano do novo Plan de Saúde, elemento básico no proceso de planificación sanitaria. Dentro do programa de Tarxeta Sanitaria, destacar tamén o comezo da implantación da tarxeta chip para profesionais de Atención Primaria e Especializada, imprescindible para a implantación da Historia Clínica. A tarxeta está acreditada pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e permitirá dunha banda aos profesionais acceder á historia clínica; doutra banda, o sistema poderá coñecer qué profesional accede a cada historial, en qué momento e qué partes do mesmo consultou. Deste xeito garántese a protección dos datos e o dereito a intimidade dos usuarios da sanidade pública. Tamén lles serve aos profesionais como tarxeta sanitaria normal

TEXTO 3

Galicia-Hoxe.com

A Sanidade galega está á última en tecnoloxía

Quérese renovar o equipamento obsoleto

. REDACCIÓN

- O Sergas constrúe 23 novos centros de saúde e reforma 39

Sanidade pretende facerlle fronte ao elevado nivel de obsolencia de equipamento tecnolóxico a través do Plan de dotación de alta tecnoloxía, no que investiu só neste ano 2007 preto de 19 millóns de euros para ambos os dous niveis asistenciais, aos que se engaden máis de seis millóns e medio en plans de montaxe. No que se refire á Atención Primaria, figuran 18 equipos de RX para os centros de saúde, e a montaxe de equipamento odontolóxico, que suman preto dos dous millóns.

A isto engádese a tecnoloxía da Atención Especializada que lle ofrece un continuo asistencial ao paciente, no que se está a incidir para acelerar a súa chegada aos centros. Máis da metade do presuposto tecnolóxico destinouse a trece TAC de última xeración. A tecnoloxía multicorte que incorporan estes TAC é a máis punteira do mercado. Consiste nunha proba de diagnóstico radiolóxico mediante a utilización de raios X e o procesamento de imaxes por ordenador. Ao procesar as imaxes pódense ver cortes tridimensionais moi precisos do interior do organismo. Ó que se engade un PET ou unha resonancia magnética, entre outros.

TEXTO 4

Galicia-Hoxe.com

Comezou a campaña da vacina antigripe

REDACCIÓN

A campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica comezou onte en Galicia e prolongarase ata o 30 de novembro, polo que a Consellería de Sanidade insiste en evitar aglomeracións nos primeiros días. Sanidade adquiriu 650.000 vacinas antigripais e outras 30.000 doses da antipneumocócica. A poboación diana céntrase nas persoas de 65 ou máis anos e as incluídas nos grupos de risco, como xente con enfermidades crónicas cardiovasculares ou respiratorias, nenos e adolescentes con tratamentos prolongados e embarazadas.

NOVA CAMPAÑA A PROL DO IDIOMA

En galego xa antes de nacer

Crónica

Maternidades e centros de saúde, públicos e privados, entregarán no segundo trimestre da xestación un maletín ás mulleres para que non esquezan falar a súa lingua coa criatura

PACO RODRÍGUEZ

Lucía, Paula ou Daniel, que coinciden en galego e en castelán, son os nomes preferidos polos pais galegos para os seus fillos. Entre os máis frecuentes aparecen tamén os de Brais, Iago, Alexandre, Uxía, Iria e Antía. Esta información figura entre os elementos da campaña presentada onte pola Xunta para convencer ás nais de que lle falen en galego os seus fillos dende o momento de nacer.

Na escolma de nomes polos que se decantan nos últimos tempos os pais figuran tamén formas tradicionais que perviviron como apelidos, como é o caso de Airas, Lois, Xurxo ou Fiz; outras que proceden de formas familiares, como Catuxa, Sabela, Maruxa, Xela ou Xandra; topónimos como Flavia, Antela, Aldán e Irimia, e mitos como Suevia, Breogán, Artai, Maeloc ou Celtia.

A campaña inclúe o reparto dun maletín, patrocinado pola Presidencia da Xunta e mais por Sanidade, que inclúe un disco compacto con cinco cantos de arrolar, interpretados por Espido, Mercedes Peón, Luar na Lubre, Uxía, e Xavier Díaz e Guillermo Fernández, con textos de coñecidos autores.

Alén dese material hai diferentes Arrolos e xogos de iniciación para transmitir palabras e afectos, onde se indican nomes populares dos dedos, composicións para animar a comer, ou para brincar con animais. E tamén consellos e ideas para o tempo de espera, un marco para a primeira fotografía e para apuntamentos do peso, medida, hora de nacemento, ou para deixar constancia de instantes especiais relacionados co acontecemento. E unha emotiva carta de Fina Casalderrey.

Varias grávidas asistiron ao lanzamento desta campaña da ***Xeración E logo!***, que ten como obxectivo fortalecer a transmisión da lingua galega entre os pais e as nais cara aos seus herdeiros. A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, insistiu no acto en que «a lingua non se transmite se non é polo uso», e esclareceu que esta actuación figura entre as máis de 400 medidas para promocionar o galego incluídas no Plan de Normalización Lingüística aprobado no Parlamento.

Julio Villar, director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, que colabora na iniciativa, acrecentou que a campaña «encaixa de pleno» no Plan de Normalización Lingüística na Sanidade Galega e tamén no máis recente Plan de Atención Integral á Muller.